



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº 14/2021, EXTRAORDINARIA, REALIZADA O LUNS 3 DE XANEIRO DE 2022.

ASISTENTES

Presidente:

Sr. Alcalde FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE (AdV)

Concelleiros/as:

Grupo municipal da AdV de Carral

SUSANA GUIMAREY GARCÍA
FRANCISCO JAVIER BELLO HERMIDA
RUBÉN ANTONIO CAAMAÑO RODRÍGUEZ
MARÍA MERCEDES CARIDAD LÓPEZ

Grupo municipal do PP

JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO
MARGARITA RAMILO VARELA
DAVID FERNÁNDEZ BALSEIRO

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

PABLO COUTO LOPEZ
JESUS JAVIER CETINA MOCHALES
LUCÍA VÁZQUEZ MOURIÑO

Concelleira non adscrita

FLORINDA DUARTE GERPE

Interventora do Concello

NOEMI GONZALEZ MATO

Secretaria Accidental do Concello:

SONIA CAMPOS ARES

Non asiste

CARLOS BARBEITO REY

HORA DE INICIO: 12:00

HORA DE REMATE: 12:35

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 12:00 do luns 03 de xaneiro de 2021, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto 576/2021 do 23 de decembro de 2021 no que indica que "**Logo de ver o escrito con data de "9 de decembro de 2021"** (presentado no rexistro xeral do Concello o 09 de decembro de 2021, nº de rexistro de entrada 1865) , subscrito pola concelleira non adscrita dona Florinda Duarte Gerpe e polos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, polo que solicitan a convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno do Concello de Carral, para tratar os asuntos que indican en tal escrito.

Logo de ver o establecido no texto vixente do artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local(LRBRL en adiante), segundo o cal "(...) Asimismo, el Pleno celebra sesión extraordinaria cuando así lo decida el Presidente o lo solicite la cuarta parte, al menos, del número legal de miembros de la Corporación, sin que ningún concejal pueda solicitar más de tres anualmente. En este último caso, la celebración del mismo no podrá demorarse por más de quince días hábiles desde que fuera



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

solicitada, no pudiendo incorporarse el asunto al orden del día de un Pleno ordinario o de otro extraordinario con más asuntos si no lo autorizan expresamente los solicitantes de la convocatoria. (...) (...)”, reúnense en sesión 14/2021, extraordinaria, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

- 1.- Aceptación da subvención do IDAE de “Mejora de la Movilidad peatonal en el Núcleo Urbano de Carral”.
- 2.- Modificación do acordo do pleno de 24 de xullo de 2019 referente ás retribucións de cargos con adicación exclusiva, parcial e por asistencia a órganos colexiados.

-
- 1.- Aceptación da subvención do IDAE de “Mejora de la Movilidad peatonal en el Núcleo Urbano de Carral”.

Comeza o Sr. Alcalde lendo o decreto deste polo que se convoca este pleno. Indica o Sr. Alcalde que en canto a este punto 1 a proposta dos concelleiros/as solicitantes feita por eles, recibido neste concello o 21 de decembro de 2021 e con número de rexistro de entrada 1928 é a seguinte:

PUNTO A:

-Emisión do acordo do pleno do 25 de novembro de 2021 onde se aproba a moción presentada polo Grupo Popular, a presentar á presidencia do IDAE, ao presidente da Excmá Deputación da Coruña e aos portavoces dos grupos políticos do Concello de Carral.

En canto a este punto, manifesta o Sr. Alcalde dí que está remitida a moción aprobada no pleno do 25 de novembro de 2021 aos organismos referidos, en data 23 de decembro de 2021, e isto a pesar de que no contido da moción aprobada non se recolle a solicitude de dita remisión a ningún organismo nin o prazo para o cumprimento de dito acordo.

PUNTO B:

-No suposto que dita subvención esté activada se tramite de novo a solicitude ao IDAE para a “Mellora da movilidad peatonal no núcleo de Carral”.

Indica o Sr. Alcalde que hai un informe do departamento xurídico e outro da intervención municipal relativo a este apartado da proposta, así como de todo o expediente que tiveron á súa disposición.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DEBATE

Concede a palabra o Sr. Alcalde á Sra. Duarte Gerpe.

Manifesta a Sra. Duarte que este pleno foi solicitado a iniciativa dela e posteriormente lles solicitou aos concelleiros/as do grupo popular se lle firmaban a solicitude xa que senón non podería solicitalo ao non ter a cuarta parte, ao menos, do número legal de membros da Corporación necesario para a solicitude dun pleno extraordinario.

Indica a Sra. Duarte que este pleno o solicita despois de escoitar ao Sr. Alcalde no pasado pleno do 25 de novembro de 2021, onde manifesta a Sra. Duarte que o Sr. Alcalde fixo unha declaración larga e extensa o mesmo que tamén fixo a primeira Tenente de Alcalde, un pleno o do 25 de novembro, segue indicando a Sra. Duarte, onde non houbo ningún punto do día indicado pola Alcaldía, soamente había unha moción presentada polo partido popular, dita moción era a de ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN DO PROXECTO DE MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO NÚCLEO DE CARRAL, unha subvención que a Alcaldía dixo que renunciaran e que realmente non lles interesaba a subvención, botáronse os trastos á cabeza, botáronlle a culpa ao PSdG-PSOE por non buscar os medios e a financiación, despois segue dicindo a Sra. Duarte que a Sra. Primeira Tenente de Alcalde asumiu que era un proxecto moi ambicioso e moi bo para Carral pero non había maneira de financiarlo e que a situación económica do Concello era moi mala, que o partido Popular, o partido anterior, o partido anterior que ocupaba o goberno municipal, o deixara desastrosamente mal economicamente e que lle dixeran os técnicos do concello, palabras textuais “era como empezar unha casa e xa pedir unha hipoteca ao momento”. Pregunta a Sra. Duarte ¿cantos empezan a facer unha casa e non teñen que pedir unha hipoteca? E manifesta a Sra. Duarte que realmente do que se trata é de saber gobernar ou de non saber gobernar.

Manifesta a Sra. Duarte que Alternativa dos Veciños tiña unha posibilidade de mellorar o centro de Carral cunha subvención que Alternativa dos Veciños presentaron e solicitaron nun pleno cos votos a favor da oposición. Continua dicindo a Sra. Duarte que se trataba dun proxecto que presentou o Partido socialista ou dunha idea que tamén tiña o Partido Popular, indica a Sra. Duarte que a ela dalle igual quen aportara a idea ou quen non, o que ten claro a Sra. Duarte é que Alternativa dos Veciños negáronlle aos veciños do Concello de Carral, un centro de Carral cun núcleo adaptado ás circunstancias de hoxe en día e non con partes, como todas as beirarúas que temos estreitas, sí pode haber redución de aparcamento pero tamén é certo que en algún sitio para cruzar os pasos de peóns hai que saír á estrada para ver se veñen coches ou non. O que ten claro a Sra. Duarte é que se o equipo de goberno foron ambiciosos para solicitar esta subvención, sabían dende o primeiro momento que o importe era 1.800.000 €, non ten sentido, para a Sra. Duarte que agora manifeste o Sr. Alcalde e xustifique que non se leva a cabo a subvención porque hipotecaría ao Concello.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Indica a Sra. Duarte que o pasado 25 de novembro presentouse unha moción e foi aprobada por maioría cos votos en contra de Alternativa dos Veciños e cos votos a favor do grupo Socialista, do grupo Popular e da concelleira non adscrita, comenta a Sra. Duarte que o Sr. Alcalde dí que foi tramitada o día 23 de decembro e indica a Sra. Duarte que ela estivo vendo o informe da Intervención municipal que se presentou na Comisión Informativa e que agora o Sr. Alcalde pasou por alto, e manifesta a Sra. Duarte que o Sr. Alcalde non dí que a subvención aínda estaba na plataforma do IDAE o día 30 de novembro, tampouco dí o Sr. Alcalde que o día 7 de decembro, se mal non recorda a Sra. Duarte, foi o día que desapareceu da plataforma, e seguen dicindo manifesta a Sra. Duarte que o día 23 de decembro foi cando remitiron o acordo plenario ao IDAE, indica a Sra. Duarte que se o acordo plenario se remitira o día 26 de novembro hoxe en día aínda estaría en vigor, iso ao Sr. Alcalde, indica a Sra. Duarte, non lle interesa dicilo e, a Sra. Duarte manifesta que ten os informes do día 23 de decembro no que remitiron o acordo plenario as 15,18 horas, asinado pola asesora xurídica-secretaría accidental, que para de traballar ás 15 horas pero ese día estivo mais tempo e parece que non tiveron tempo dende o 25 de novembro ata o 23 de decembro de remitir ese acordo plenario que era o único punto que había na Orde do día.

Recorda a Sra. Duarte que o día 25 de novembro estiveron escoitando todas as pestes habidas e por haber que o Sr. Alcalde inferiu contra o socio de goberno (PSdG-PSOE) e indica a Sra. Duarte que o Sr. Alcalde non está capacitado para estar onde está xa que non chega a acordos cos socios de goberno.

Indica a Sra. Duarte que este pleno o solicitou por tres motivos:

- 1º Porque o Sr. Alcalde non chega a acordo ningún co partido socialista
- 2º Porque están a dicir, constantemente, que a situación do concello economicamente é nefasta.
- 3º Porque coa situación COVID que estamos vivindo dende hai 2 anos, o traballo mermou en todo o concello e non se xustifica o que cobra o equipo de goberno. Indica a Sra. Duarte que está enlazando un punto co outro porque non sabe o que o Sr. Alcalde vai facer no segundo punto, dí a Sra. Duarte que cando o Sr. Alcalde queira que lle reitere a palabra, si el quere.

Segue manifestando a Sra. Duarte que o segundo punto da orde do día, era e será se o quere levar a cabo reducir os soldos. Interrumpe o Sr. Alcalde á Sra. Duarte para dicirlle que estamos no punto 1 e que se centro no punto 1.

Indica a Sra. Duarte que segue no punto 1 pero como o segundo punto 2 ao mellor non se vai a debatir quede deixar claro a Sra. Duarte que a solicitude deste pleno foi pola incompetencia de equipo de goberno de estar cobrando os soldos que están cobrando e deixar perder unha subvención que favorecía a todo o centro de Carral, de non ser ambiciosos á hora de traballar polos veciños, de un desgobierno totalmente e demostrado na sala de plenos o 25 de novembro de



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carroal (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carroal.es / Sede electrónica: <http://sede.carroal.es> / Correo electrónico: correo@carroal.es

2021 na que tiveron que aguantar unha hora de malas palabras, de reproches contínuos dun lado ao outro e de ver como os veciños de Carroal quedaban sen unha subvención de Mellora da Seguridade Peonil, hoxe en día, segue intervindo a Sra. Duarte, estanse a ver apagóns en Carroal, o paso de peóns está a escuras, o que está fronte a Calzados Norte, o anterior goberno municipal deixouno funcionando perfectamente, daba luz polas dúas partes e agora está a escuras, están deixando que se apague todo, ao equipo de goberno non lle interesa Carroal só lle interesan as sillas, o despacho, o sillón ao Sr. Alcalde e os soldos.

Dalle a palabra o Sr. Alcalde ao Sr. Couto López.

Intervén o Sr. Couto López para dicir que o tema do IDAE para o grupo socialista é absolutamente sangrante, pensa que é unha oportunidade que non cre que volte a pasar, considera que son moitos cartos que servirían para achear beiraruas, que non son obras faraónicas, e que son obras necesarias para este pobo o cal necesita espazos para pasear e non que cada vez que cada vez que a xente teña un momento de lecer fuxa deste pobo. Segue manifestando o Sr. Couto que lle parece curioso que Alternativa dos Veciños sacara un folletín nun periódico, na Voz de Galicia, unha imaxe onde saía, única e exclusivamente os 5 membros de Alternativa dos Veciños presumindo de que eles conseguiran esta subvención e despois critican esta obra como faraónica e din que ademais se cargan as prazas de aparcamento que, como ensina o Sr. Couto nun plano, as prazas de aparcamento existen, están todas as prazas de aparcamento pero fundamentalmente onde existían as prazas de aparcamento seguirían existindo tales prazas. Segue manifestando o Sr. Couto que non todo vale en política, a calumnia, a mentira, o insulto non valen e mais cando se está nun pobo como Carroal que somos 7000 habitantes e conocémonos todos, absolutamente todos. Segue falando o Sr. Couto e dí que dende hai meses hai un ton totalmente agresivo por parte de Alternativa dos Veciños cara o PSDG-PSOE é un ton que busca unha confrontación continua e que ademais se basa en dicir, por exemplo, que o partido socialista se mete nas áreas de Alternativa dos Veciños, cando iso non é así, manifesta o Sr. Couto, que é ao revés, hai áreas dos socialistas como mobilidade, infraestructuras nas que Alternativa dos Veciños quitanlle competencias ao partido socialista, non os chaman ás reunións, etc. En canto ao tema do IDAE, segue indicando o Sr. Couto, que o Sr. Alcalde dí que as obras non se podían facer porque facían falla 300.000 € e o concello carecía de recursos propios, quere deixar constancia o Sr. Couto que nunha reunión na que estaba o Sr. Alcalde, o concelleiro de cultura e mais o propio Sr. Couto, o Sr. Presidente da Deputación dixo textualmente “ A Deputación non vai permitir que se vaia un millón e medio da Unión Europea, se hai que poñer 300.000 € estudiaremos como poñelos”, esto, dí o Sr. Couto, que foi o que se dixo nesa reunión. Despois, continua o Sr. Couto, a excusa que puxo Alternativa era a financiación e o outro día, visitando de casualidade, o Sr. Couto López, unha das entidades bancarias deste pobo, lle preguntaron porqué o concello non presentara os pregos para un préstamo a 2 anos que era mais que suficiente porque isto é unha obra de 6 meses de licitación, 1 ano de execución e 6 meses de redacción de proxecto, total 2 anos que era o que facía falla. Legalmente podía, continua dicindo o Sr. Couto, o tipo de interes está a 0 e non entende o partido socialista porqué isto non se botou para adiante, porqué esta oportunidade histórica que tiña Carroal non se botou para adiante, pensa o Sr. Couto que é incomprendible, que non se pode



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

entender, de feito, dí o Sr. Couto, falando cos que representan a concellos veciños todo o mundo día que isto foi unha tolería deixalo escapar.

Segue manifestando o Sr. Couto que había fórmulas e pregos para que as empresas o financiasen é dicir que había que ter gañas de facelo e o Sr. Couto pensa que o que pasou é que non había gañas de facelo por parte de Alternativa dos Veciños, dende o minuto un parece ser que lles daba medo e a esta obra chamábanlle faraónica, cando é unha obra para arranxar unhas beirarrúas que levan 25 anos chamando para que as arranxen, e tamén se ían facer mais cousas como o saneamento, a praza da Capela, peatonizar a rúa Víctor Velasco, o entorno do Monumento aos Mártires isto sí que xunto con outras inversións que esas sí non as van a poder parar porque esas veñen do Estado, rotondas para acabar o tráfico ou como o carril bici Metropolitano que xa ven, esas tamén son obras faraónicas, unha de medio millón de euros e as outras de trescentos mil euros, o Sr. Couto ve isto incomprendible, manifesta que se merecen en alusión a todos os concelleiros do equipo de goberno que lles quiten todo o soldo, non soamente un tercio porque este tipo de cousas non se poden consentir. O Sr. Couto segue sorprendido con que se diga agora que isto non era posible, considera que se está calumniando, cre que o que se pretende é apartar de todas as competencias de goberno ao partido socialista, e que é algo absolutamente increíble, ese é o respecto que se ten hacia o Partido Socialista dende Alternativa dos Veciños, ata o punto, continua dicindo o Sr. Couto, que non dispoñen dun so empregado que lles fagan nada, ningún técnico que lles bote unha man ata o punto que para a campaña do Comercio foron o Sr. Couto e a Sra. Vazquez, na furgoneta da muller do Sr. Couto a repartir as caixas, con todo isto o Sr. Couto pídelle ao Sr. Alcalde que reflexione. O Sr. Couto entende que calquera se poida quentar e botar barbaridades pola boca unha vez que está quente pero, sinceramente, dí que o Sr. Alcalde leeu un papel e que iso parécelle ao Sr. Couto increíble porque considera que é facelo con premeditación e alevosía, é algo que estaba planificado, non o pode crer. Reitera o Sr. Couto a petición de reflexión, en alusión ao grupo de Alternativa dos Veciños, polo ben deste pobo, xa non polo ben dos concelleiros e concelleiras que o están pasando fatal senón que reflexionen polo ben deste pobo.

Concede a palabra o Sr. Alcalde ao Sr. Fernández Mouriño.

Intervén o Sr. Fernández Mouriño para manifestar que tanto a Sra. Duarte como o Sr. Couto fixeron una exposición da realidade. Indica o Sr. Mouriño que o partido popular tiña 5 concelleiros e concellerías e agora mesmo ten 4 concelleiros e unha concelleira non adscrita, 5 concelleiros exactamente igual que ten Alternativa dos Veciños e o Sr. Mouriño dí que escoita, nos medios de comunicación, ao Presidente Comarcal de Alternativa dos Veciños en Carral que dí que realmente o goberno é de Alternativa dos Veciños pero Alternativa dos Veciños ten 5 concelleiros igual que o Partido Popular e o Partido socialista ten 3 concelleiros e indica o Sr. Mouriño que si realmente é Alcalde o é porque os 3 concelleiros do Partido Socialista o fixeron Alcalde non é porque Alternativa dos Veciños de Carral sexa o que ten a máxima potestade no equipo de goberno deste



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Concello. Segue indicando o Sr. Fernández Mouriño que todos os escritos presentados e o pleno de hoxe son para que Carral non vaia para atrás, escoitando ao presidente de Alternativa dos Veciños dicía que non facía falla facer beirarrúas en Carral que xa estaban feitas e en perfectas condicións, por outro lado dicía que nunca nada se fixera en Carral ata que chegara Alternativa dos Veciños de Carral, oxalá, manifesta o Sr. Mouriño, faga mais Alternativa que o que fixo o PP en 16 anos e o que fixo, anteriormente, o partido socialista noutros 16 anos pero Alternativa leva dous anos e medio e ata agora, pregunta o Sr. Mouriño, cal foi o logro que conseguiron? Perder esta subvención, continua falando o Sr. Mouriño dicindo que no seu día o Partido Popular no seu programa levaba que había que humanizar a N-550 porque o merece porque a verdade é que Carral ten uns arredores moi fermosos pero a N-550 que pasa por Carral merece un cariño, unha humanización e acadouse esa subvención, imaxina o Sr. Fernández Mouriño que o partido socialista estaría pendente das axudas do IDAE, presenta un proxecto e conséguense 1.400.000 € dos cales hai que aportar 300.000 €, dí o Sr. Mouriño que todos saben que ao concello de Carral non lle sobran os cartos pero si saben, e hai pouco, que o equipo de goberno, en agosto aprobaron os orzamentos do ano 2021 e está escrito tanto polos servizos xurídicos como pola intervención municipal que o concello de Carral ten un aforro neto do 37% e o concello de Carral pódese endebedar, sen pedir permiso a ningún, ata o 0,75 %, isto supón moito mais de 300,000 €, supón un millón de euros o que se podía endebedar o concello de Carral, isto sen contar coa Deputación nin coa posibilidade de solicitar un crédito-ponte, que por suposto están desexosos os bancos en prestalo.

Indica o Sr. Mouriño que non se pode consentir que se perda esa subvención do IDAE que son 1400000€, xa que no seu día o partido popular aplaudiu que chegara esa axuda que anunciara o partido socialista e despois Alternativa nese panfleto que meten cada 3 meses nos buzóns e que paga a Deputación, e manifesta o Sr. Mouriño que os cartos que a Deputación da Coruña lles da aos grupos políticos os deberían de adicarse a outra cousa e non a salir ese magnifico presidente que Alternativa ten, a descalificar, incluso persoalmente a persoas, a concelleiros do concello de Carral, non o ve de recibo. Manifesta o Sr. Fernández Mouriño que non recibiu ningunha disculpa de ningún concelleiro de Alternativa dos Veciños de Carral polas declaracións que fixo a semana pasada o Sr. García Seoane publicamente no que o insulta persoalmente segundo dí o propio Sr. Fernández Mouriño.

Sendo as 12:26 minutos incorpórase o Sr. Jesús Manuel Cetina Mochales.

Continua o Sr. Fernández dicindo que nun informe de intervención e da técnica xurídica, secretaria accidental dise que en canto saian de novo as axudas do IDAE se poderá voltar a solicitar. Manifesta o Sr. Fernández Mouriño que na páxina da Federación Española de Municipios e Provincias, sen ter que ler o Boletín do Estado anunciase que o 21 de decembro do ano 2021 voltaron a sair esas axudas do IDAE, para moitas cousas, vivendas, canalizacións, depuradoras, etc e non entende o Sr. Mouriño porque non se fixo o amago de reactivar esta axuda, imaxina o Sr. Fernández Mouriño que se vai adiante a proposta de reactivar de novo esta solicitude/subvención que se pelexe como se pelexou pola outra subvención para que dende o IDAE e dende o Ministerio



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

de Transición Ecolóxica consígase de novo e que vai ser unha obra moi importante, non faraónica, para a vila de Carral, para todos os veciños e para as persoas que nos poidan visitar.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a proposta, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por maioría dos/as señores/as concelleiros/as que asisten á sesión con sete votos a favor (dos tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal PP presentes na sesión, dos/as tres concelleiros/as do grupo municipal do PsdG-PSOE e da concelleira non adscrita) fronte a cinco votos en contra (dos cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal de AdV).

2.- Modificación do acordo do pleno de 24 de xullo de 2019 referente ás retribucións de cargos con adicación exclusiva, parcial e por asistencia a órganos colexiados.

Explica o Sr. Alcalde que visto o informe feito pola Técnica Xurídica e Secretaria Accidental e ao mesmo tempo pola Interventora municipal e incorporado ao expediente un informe feito pola Asesoría Xurídica da Deputación Provincial con data 29 de decembro de 2021, e vista, en relación a este punto, toda a documentación que estivo e está a disposición dos concelleiros e concelleiras no departamento de servizos xurídicos municipais e que ratifica a necesidade de iniciativa do Alcalde/Presidente a través de proposta que contempla o artigo 13.4 do ROF o cal configúrase como esencial e por tanto a súa ausencia, en referencia á falta de iniciativa da Alcaldía que ostenta actualmente, debe considerarse como unha forza xeradora dun suposto de nulidade radical, neste caso do artigo 47.1.b e da Ley de Procedemento de Administrativo Común das Administracións Públicas so pena de incorrer o acto a que no seu caso dera lugar a vicio de nulidade radical. Polo tanto, segue indicando o Sr. Alcalde, con respecto a este punto que non procede o debate nin a votación do mesmo posto que non parte de ningunha proposta súa.

Ás **12:35** horas, o Sr Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretaria accidental do Concello, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA ACCIDENTAL DO CONCELLO

Francisco Javier Gestal Pose

Sonia Campos Ares